

A PAISAXE NA OBRA DE ANTONIO FRAGUAS

THE LANDSCAPE ON ANTONIO FRAGUAS' WORK

Francisco Díaz-Fierros Viqueira
Real Academia Galega

Resumo: Os traballos de Fraguas sobre a paisaxe realízanse fundamentalmente na década dos cincuenta do pasado século. Neles amósase como un fiel seguidor das teorías de Otero Pedrayo como xeógrafo, pero presentando tamén características propias ben diferenciadas. Destacarían a preocupación polas pegadas do home na paisaxe, sobre todo nos ambientes campesiños, a recreación dos pequenos detalles e as ilustracións literarias que as acompañan. Tamén mostra unha curiosa preocupación pola contemporaneidade nos seus traballos sobre as novas paisaxes das cidades e industrias, así como no cine.

Abstract: Fraguas' works on landscape are mainly carried out in the 1950's. In these works, he follows Otero Pedrayo's geographic theories, although he shows his own differentiated features. These would include his concern about the human print on the landscape, particularly on the rural environment, his recreation of small features and the literary citations accompanying them. His works on the new urban and industrial landscapes also show a particular concern about contemporaneity, which can be seen as well in the cinema field.

Palabras chave: Antonio Fraguas, paisaxe, literatura, Ramón Otero Pedrayo.

Key words: Antonio Fraguas, landscape, literature, Ramón Otero Pedrayo.

A obra de don Antonio Fraguas Fraguas, ollada xa coa perspectiva que nos está a deixar este ano das Letras Galegas a piques de rematar, móstrase como un entrañable e extraordinario monumento á cultura popular galega. Desde o seu primeiro texto “O Entroido nas terras do sul de Cotobade”, publicado en 1930 cando tiña vinte e cinco anos, ata “As augas misteriosas” de 1999, ano do seu pasamento, a maioría da súa produción literaria foi unha continua pescuda e

descripción da vida nas aldeas, nos seus máis íntimos devezos e ocupacións. Foi un antropólogo do miúdo que descubriu, enxalzou e, sobre todo, rescatou dun seguro esquecemento.

Pero tamén foi un historiador que investigou episodios singulares da nosa historia e de quen Eiras Roel (2006) afirmou que cos seus traballos de etnohistoria e, sobre todo, de historia das mentalidades podería ser considerado como un adiantado desta disciplina para o seu tempo. Tamén foi un xeógrafo, e a esta materia dedicoulle, como encargado de curso, os seus primeiros anos de profesor na Universidade de Santiago de Compostela (1930-1939 e 1948-1949) e, sobre todo, como profesor de ensino medio de xeografía e historia na Estrada (1933-1936), Lugo (1950-1959) e Santiago (1959-1975), vilas nas que foi deixando nos seus institutos unha agarimosa e inesquecible lembranza como docente. Porén, agás o meritorio traballo de Guitián (2006), non existen estudos comprensivos sobre esta faceta da súa produción e moito menos acontece cos relativos á paisaxe. Sobre todo, cara a unha paisaxe tal como hoxe se concibe, a partir dunha permanente interacción entre os factores obxectivos do medio e os subxectivos da súa percepción por parte do home, que a Convención Europea da Paisaxe (2000) deixou acertadamente definida como:

Calquera parte do territorio tal como a percibe a poboación, de tal xeito que o seu carácter sexa o resultado da acción e da interacción de factores naturais e/ou humanos.

Nesta definición hai dúas frases que convida salientar no que atinxe á obra paisaxística de Fraguas. Por unha parte, o feito de que as paisaxes poden referir a “calquera parte” do territorio, polo que non é necesario que teñan unha singularidade ou espectacularidade especial como foron, por exemplo, as paisaxes do Romanticismo. Deste xeito, unha sinxela bisbarra pode ser xa unha boa paisaxe. Por outra parte, cómpre salientar que, aínda que a interacción dos factores naturais e antrópicos sexan os que lle dean carácter, vai ser a ollada do ser humano (“tal como a percibe a poboación”) a que, en definitiva, cree a paisaxe. Desta maneira, un mesmo territorio pode ser “mirado” de diferentes formas por un home do campo ou por un da cidade, polo que teríamos neste caso, de acordo coa Convención de Florencia, dúas paisaxes diferentes. Estas dúas singularidades da concepción actual das paisaxes van estar moi presentes na obra de Fraguas: nesa dedicación especial ás formas sinxelas e humildes do territorio e nesa ollada xenuinamente campesina que sempre as acompaña.

Estas connotacións de actualidade das descrições paisaxísticas de Fraguas flúen espontaneamente polos seus traballos, mesmo se diría que case inconscientemente.

Pero, ao mesmo tempo e ao seu carón, existe un elemento consciente que unha e outra vez Fraguas nos lembra, que é a súa dependencia das formulacións teóricas sobre a paisaxe de Otero Pedrayo. Cítalo repetidamente como “o seu mestre”, dedícalle a súa *Geografía de Galicia* e, unha e outra vez, volve sobre os seus escritos e as súas conversas.

Coñecera a Otero Pedrayo a finais dos anos vinte no estudio que Díaz Baliño tiña na rúa das Hortas, en Compostela, a onde fora levado polo seu amigo e compañeiro no Seminario de Estudos Galegos, Ramón Martínez López. Alí atoparon tamén a Risco e Cuevillas, que estaban a falar de política, xeografía histórica e toponimia. Pero axiña don Ramón derivou a conversa cara aos temas xeográficos e, sobre todo, dos sentimentos e descrições da paisaxe galega, que tiñan na aldea, na parroquia e no medio campesiño a súa cerna esencial. Segundo o seu propio testemuño, foi a primeira vez que escoitou falar da nova ciencia xeográfica e, sobre todo, que coñeceu dun xeito convincente e atraente “o estudo sistemático da paisaxe”.

Na ampla obra de don Antonio Fraguas o tema da paisaxe ocupa un espazo cronolóxico relativamente curto no tempo, aínda que non tan limitado nos seus contidos. Comeza coa publicación da súa *Geografía de Galicia* en 1953, na que lle dedica un capítulo a “El paisaje”, e continúa con case vinte artigos na revista *Vida Gallega*, o último deles publicado no comezo dos anos sesenta¹. Son algo menos de dez anos de colaboracións onde amosa a súa mestría na percepción dos trazos fundamentais da natureza e o espazo humanizado de Galicia, coa expresión xenuína das súas finas, agarimosas e penetrantes verbas. É magoa que, dadas as características destas publicacións, non fosen escritas en galego, pois deste xeito privouse a nosa lingua de páxinas inesquecibles sobre as paisaxes destas terras. Aínda así, hai que recoñecer que nelas latexa un fondo e inquebrantable sentimento de amor ao país e que xorden, espontáneas e vizosas, dese humus matricial que teñen todos aqueles que, como Fraguas, construíron a súa personalidade nun contacto íntimo e directo coas xentes e costumes campesiños.

Seguidor de Otero, desenvolveu todos os seus traballos sobre as paisaxes galegas co esquema conceptual dos tres tempos da paisaxe: o “cósmico”, relativo á xeoloxía e ás formas do relevo que representan o marco invariable no tempo; o “biolóxico”, sobre a vida vexetal e animal, moito máis cambiante co ritmo lineal da evolución e o cíclico das estacións; e, finalmente, o “histórico”, representado polos trazos que a actividade humana vai imprimindo na contorna e que, pola súa propia natureza, teñen unha velocidade de muda aínda moito maior. Foi, de

1 En 1978 publica dous traballos, “A Xeografía no Seminario de Estudos Galegos” e “Geografía de un lugar”, que teñen máis carácter conmemorativo que de creación literaria, como foron os anteriores.

todas as maneiras, un discípulo bastante particular, que interpretou moi ao seu xeito esta teoría oteriana dos tempos da paisaxe, xa que do cósmico quedou basicamente cos vales, do biolóxico, co xogo cromático estacional de carballeiras, soutos e bidueirais, e do histórico, cos pequenos recantos construídos co traballo calado e teimudo do labor campesiño. En definitiva, todo aquilo que tiña máis que ver coa humanización do espazo natural. Ímolo ver cun certo vagar.

Así como houbo poetas, como Novoneyra, que concentraron a súa mirada na montaña, ou como Pondal, que o fixo sobre esas formas “heroicas” do relevo que son as rochas e penedos, Fraguas, ao xeito de Rosalía, considerou os vales e as augas que os regan como o marco fundamental da súa ollada paisaxística. Neles afiázanse as estampas típicas que recolle o cancionero popular e neles a vida campesiña transcorre baixo os ritmos e cadencias que lle imprimen as estacións e as horas do día. Agudo observador do cotián, soubo enmarcalo con mestría no escenario das agras e cortiñas e imaxinar vidas e relatos que enchían de significado o transcorrer das horas no abeiro das lareiras, no paso polos camiños e vereas ou nos rebumbios das muiñadas. No seu ensaio sobre “Paisaje de valle y de ribera” (1959c) lémbraunos que a mirada paisaxística non debe ser nunca estática senón que require sempre unha valoración do cambio estacional e, sobre todo, ter capacidade para poder apreciar os diferentes momentos de luces e sombras que se descubren nos recantos da campiña. Crea atrevidas metáforas, como aquela que nos fala do “sol perseguido polos fríos”, para describir eses momentos das mañanciñas en que un sol, aínda morno, non é quen de desbotar a friaxe da noite, e, sobre todo, declárase devoto das primeiras horas do día para comezar a valorar as paisaxes dos vales. E así como outros escritores son máis inclinados a gozar da nostalxia dos atardeceres e os momentos do pór do sol, Fraguas, sempre optimista, defínese, sobre todo, como home de abrentes e alboradas.

Segundo o seu entender, o que poden percibir os ollos non é o único xeito de apreciar as paisaxes dos vales e ribeiras xa que tamén os sons do campo, como pode ser o do millo abaneado polo vento, ou os recendos da terra mollada despois das primeiras chuvias do outono son sensacións que ninguén debería esquecer. A comuñón do ser humano coa natureza, que é o mellor xeito de valorar as paisaxes, debe de realizarse con todos os sentidos ben espertos e dispostos a enchouparse de todas as mensaxes de intimidade e grandeza que nos chegan dela; mensaxes sutís e silandeiras como neses abrentes neboeiros onde toda a contorna amosa os perfís desdebuxados e o ambiente respira paz e misterio, ou broncas e destemidas, como cando se desatan as treboadas, o vento zoa imponente e as augas bravas se revolven en imparables enxurradas.

Pero se hai algo que distingue as súas descrições paisaxísticas dos vales e ribeiras galegos son as ilustracións literarias que normalmente as acompañan

e que Fraguas recolle do cancionero popular ou dos poetas máis intimamente identificados co mundo campesiño, como Noriega:

Nas follas novas das abedoeiras
tremelucen doññas de rocío,
florescendo as urces, i o bravío
cardo soña igualarse coas roseiras

Neste sentido, amósase de total actualidade, pois hoxe todos os atlas ou catálogos das paisaxes, seguindo as recomendacións do Convenio Europeo, como son o español de Mata (2003), ou o catalán de Nogué (2010), levan sempre, ao par das descricións xeográficas, as pegadas que a súa percepción estética deixou na literatura ou na pintura.

O tempo biolóxico é o que define para Antonio Fraguas o cromatismo da paisaxe galega. Nega con rotundidade que Galicia poida ser representada por esa tonalidade verde que os incipientes axentes turísticos da época ou escritores de improvisadas sínteses tentaban difundir: Galicia “esquina verde”, “rincón verde” etc. A paisaxe, como ben di, “non é un concepto simple amparado nunha constante de cor con uniformidade total que poida expresar pola súa característica a interpretación fiel dunha terra”. É, máis ben, un conxunto de formas moi variadas, cada unha coa súa expresión cromática propia, que ademais teñen un ciclo que vén definido polas estacións e o tempo atmosférico. Cada relanzo de cor ten a súa propia vida que, segundo a súa persoal valoración, debería comezarse a ollar nos outonos, cando as follas das árbores antes da súa definitiva caída adquiren eses tons cálidos, breves pero intensos, que matizan as cores máis apagadas da montaña e os vales interiores. O inverno, coas árbores espidas, os matos no seu repouso vexetativo e as terras de labor baleiras, crea perfís austeros que se recortan sobre os fríos horizontes das penchairas, agardando unha primavera que, a maioría das veces, se anuncia nas humildes flores do mato que, precursoras, recrean unha rica paleta de cores cos amarelos, brancos e violetas das urces, toxos e carqueixas. O verán, finalmente, abrolla coas árbores todas preñadas de follas; agora si, verdes, pero con todos os matices posibles que a imaxinación convoca, mentres nos vales, os amarelos do cereal se axitan ao lonxe, en ondatas de fartura.

As pegadas humanas na paisaxe galega son continuas e persistentes, e de poucos espazos, se é que hai algún, se pode dicir que non foron traballados e modificados polo calado e continuo tesón dos homes galegos. Para Fraguas, o centro do seu interese atópase nesas pequenas construcións que os etnólogos e

arquitectos definen como “adxectivas” polo seu carácter vicario e subordinado a outras edificacións de maior porte e prestancia. Son eses sendeiros de...

porfiadas estreitezas que cruzan as hortas e bordean as casas do lugar, ou eses pontillóns sobre os regatos, os muíños aliñados nas pendentes e, mesmo, as xestas que no fondo do labrado constitúen esa estampa alegre e sempre emotiva dos recantos aldeáns.

O traballo nos campos e nas casas con elementos e trebellos que tradicións de séculos foron deseñando con exquisito primor e agarimo define o continuo ir e vir da vida aldeá que, coma sempre, debería de ollarse e describirse desde as primeiras horas da mañá:

Galicia, no seu poboado e caseirío, debe sorprenderse ao amencer. Coa alborada os horizontes son por todas partes maxestosos e o espertar campesiño ten sinalada repercusión na paisaxe. A presenza do luceiro e o canto do galo, animan as corredoiras aldeás. O fume madrugador do fogar érguese para procurar a dirección do vento, que lle sinala ao labrego a confianza inicial da xornada.

No ano 1802 o filósofo alemán Karl Schelle publicaba *A arte de pasear*, onde discorre sobre as sensacións estéticas vencelladas ao paseo, chegando mesmo a definir as particularidades diferenciais que ten a paisaxe para unha persoa en movemento fronte a outra que practica unha mirada estática e pasiva da natureza. Esta estética do camiñante, tan propia, por exemplo, do peregrino a Santiago, foi tamén considerada por Antonio Fraguas, nese dinamismo que sempre envolveu as súas consideracións da paisaxe. Os camiños que nos levan dun lugar a outro son protagonistas excepcionais desa sucesión de ambientes e paisaxes nos que Fraguas centrou unha boa parte das súas descrições paisaxísticas de Galicia deseñando rutas onde o país se facía encontro e sorpresa. Camiños que van ao monte e ao subir fanse “corredoiras estreitas e findas, e os carrexos desde as leiras serán mais traballosos que nunca onde os carros precisan da solada para subir”, ou camiños lixeiros que baixan ata o val, múdanse en estradas e “traen un novo senso do camiño e do camiñar”.

Tamén coa muralla de Lugo (1958g) describe un xeito moi particular de camiño circular, no que a rolda polas antigas defensas se fai atalaia excepcional desa volta de horizonte que nos achega e que o gran paisaxista literario que foi Luís Manteiga define como “la más hermosa galería de paisajes de toda Galicia” que permite esa mirada única e singular de “armonía de forma y de color, de luz y de

lejanía, de riqueza y austeridad”. Este xeito de paisaxe total, que ten como límites a bóveda do ceo e os catro puntos cardinais, Fraguas recomenda contemplalo a calquera hora do día, non se decide pola mañá como noutros moitos casos, senón que valen todos os momentos, e recomenda que “como a lectura dun verso, a rolda ten un valor emotivo e debe ser descuberta persoalmente e mesmo con algo de sorpresa”. E, ao final do paseo, conclúe:

Antes de abandonar os muros que deron tranquilas horas ao vivir lugués, volvemos á estampa da cidade, á praza de San Froilán, ao sabugueiro corpulento que dá a súa flor para borrar o feitizo da noite de San Xoán, ao conxunto da costa de Recatelo que bordea o Parque, á Fervedoira, o barrio que garda en espazos curtos o saudoso rumor dos piñeiros... Sexan, agora as horas do serán, as do pór do sol. Sobre o horizonte urbano as torres catedralicias despiden a xornada coa luz que declina cara aos cumios, ao lonxe.

Pero hai que sinalar tamén que Fraguas, malia ser amante e defensor das tradicións que sempre tentou estudar e recuperar, non foi alleo ao mundo moderno. Aínda que resulte mesmo paradoxal que un home tan inclinado cara ao pasado poida ter unha mirada atenta e curiosa sobre o porvir, iso foi o que fixo en diversos traballos. No relativo á paisaxe, ten un traballo sobre “La mutación del paisaje” (1959a), onde trata por extenso as novas paisaxes que as actividades económicas modernas están a crear en Galicia. Comeza falando das repoboacións forestais de Pontevedra e o nome de La Sota tráelle resonancias especiais, suxeridas pola contemplación do seu monumento “nun recanto do cumio onde resoa a voz do vento polos compases mareiros, para lembrar o estadista ilustre que soubo valorar a cobertura das montañas pontevedresas”. Tamén describe as explotacións xeolóxicas que, desde épocas inmemoriais, aproveitaron os recursos mineiros que “gardan as súas montañas”, como o ouro, estaño ou ferro, que deron orixe a mil lendas que perduraron no tempo, mentres que os xacementos foron esquecidos, agochados hai moitos anos baixo os matos e as árbores que sobre eles medraron. Nos últimos tempos, o volframio, ese ouro negro dos galegos,

modificou o rostro de amplas extensións de terra, entre as que destacan Carballo e Agolada. A estrada da mina, os depósitos, celas e almacéns transforman a paisaxe e a concepción da riqueza e dos valores da terra.

Fala tamén das novas avenidas e peiraos, así como dos encoros que se están a erguer por moitos dos ríos galegos e faino, como nos casos anteriores, cunha certa neutralidade que non deixa entrever cal sería a súa persoal valoración destas

mutacións na paisaxe. Só ao remate do artigo, deixa correr a nostalxia, nunha procurada ambivalencia, e lembra a desaparición das antigas lagoas de Antela e Cospeito, fogar de fermosas lendas, que nas...

fértiles terras de aluvión [...] deixan ouvir a hora do serán, no suco do tractor, as vellas e moi sonoras campás que unha vez ao ano, anunciaban a festa, e que no novo poboado enraizarán as impresionantes tradicións que saian, como o canto do galo, coa brisa que antecede a alba.

Outra chiscadela do entrañable don Antonio cara á contemporaneidade é un curioso artigo que publicou sobre “Posibilidades del paisaje gallego. El paisaje en el cine” (1958a). Nel, despois dunha introdución ás lembranzas que tiña de neno do cine mudo e das paisaxes artificiais que creaban os escenógrafos, pasa a valorar a importancia que a paisaxe real foi adquirindo no cine moderno, como elemento constitutivo de valores estéticos, que mesmo podían chegar a transformarse na “razón de ser” de moitas películas. Nese sentido, considera que as paisaxes da nosa terra ofrecen, como ningunha, motivos abondo, expresivos e variados para servir de tema ou marco de historias de todo tipo.

E, como un guionista experto, pasa a continuación Fraguas a suxerir algúns temas que poderían ter como base a paisaxe galega. Comezando polo mar, do que poden nacer relatos cheos de agarimos e saudades, nos que, ao fondo sonoro das notas da salve dos mercedarios de Poio, poderían sumarse, como marco necesario, as paisaxes da ría de Marín, perfilada polos piñeirais da beiramar e a illa de Tambo ao lonxe. Aínda que tamén poden xurdir do mar outros temas, como o do contrabando, as perdas de rumbo, a procura de tesouros... que se resolven dramaticamente cos efectos das rompentes sonoras e o impresionante asubío do vento travesío.

Nas terras do interior, a recreación histórica, con episodios da Guerra da Independencia, pode saír ao encontro nos recantos dos camiños da Xesteira en Ponte Borela ou, mellor aínda, por seren máis de actualidade, as historias e aventuras dos buscadores de volframio, que terían unha “admirable perspectiva nos coutos ergueitos sobre a media montaña de Cotobade”. Tamén as Antas sería un “lugar óptimo para darlle realce ao drama, ao conto sinxelo ou aos romances vellos de séculos, que de cando en vez cantaruxan as xentes sabidas e letradas”. As beiras e relanzos dos ríos, os amenceres cubertos de rosada, os vales sombríos onde alternan milleirais, carballeiras e vieiras, as encostas medio cubertas polos cultivos e mesmo os impresionantes barrancos son outros tantos espazos que están a agardar as súas particulares historias.

Pero tampouco se poderían esquecer, neste reconto de imaxinarios relatos cinematográficos, as vilas e cidades galegas.

Pensamos nos múltiples guións que nun día se poderían impresionar na silueta das vellas arcadas do peirao ou nos ledos soportais que amosan os espazos monumentais, nos recantos agachados das rúas e dos muros e nas torres que nos levan do pasado ao porvir.

Rematamos coa única escrita en galego sobre a paisaxe de Fraguas. Corresponde a unha colaboración na homenaxe que a comunidade galega de Caracas lle dedica ao mestre ourensán en 1958 e, nela, don Antonio, sen as limitacións e medos que aínda naquela altura lle supoñían o escribir en galego, deixa que as súas lembranzas e sentimentos voen en liberdade e poidan describir con emoción as conversas que el e un grupo de amigos tiveran no Pazo de Trasalba (1958h).

Deixamos à dreita un lugar, e, para outra banda, a serra; agora temos camiño amplo, camiño carreteiro que tén no seu lecer as corgas raizosas dos carballos e os treipeiros do souto...

Describía así Antonio Fraguas a paisaxe da contorna do sendeiro que o levaba cara ao pazo onde os estaba a agardar don Ramón Otero Pedrayo na periódica visita coa que desexaban expresarlle o seu respecto e consideración. Pero, sobre todo, ían tamén escoitar a voz emocionada do mestre, nunha conversa que para Fraguas era sempre “a espigada colleita de formas culturaes feitas vida por un mestre do pensamento, poeta e xeógrafo”. Atendían con devoción e gusto todas as maxistras leccións sobre a xeografía, historia e cultura de Galicia, que en repousados e maxestáticos parlamentos debullaba o patricio ourensán. Como tamén escoitaban con renovado interese, como se fose a primeira vez que as ouvían, as sentidas descrições das paisaxes que se ollaban desde as ventás do pazo: piñeiros bravos a medrar entre as penas graníticas que ruben polas encostas do val e perfilan os horizontes xeórxicos de vellas videiras e novos milleirais.

Alí, na solaina do pazo de Trasalba, Antonio Fraguas e os seus compañeiros escoitaban con devota atención o mestre e, alí, diante daquela paisaxe, daquela contorna, entrañable e baril, grandiosa e achegada, feita emoción e transcendencia polas verbas de don Ramón, comprendeu Don Antonio, e así o deixou escrito:

que foi, certamente, **onde por primeira vez percibiu a presenza de Galicia**, e alí adprendeu a amala deica o extremo de lle adicar todo o seu ser. Alí, nos

soutos que hai acarón da súa casa, nos penedos de Rodeiro, nos piñeiras da costa de Santa Cruz, nas viñas que se meten polas costas que baixan para as ribeiras, na aira do día da malla, nas adegas no tempo das vendimias, nas lareiras nos meses de xiadas ou das chuvias, decatouse da existencia do noso ser peculiar; deuse de conta desta verdade que os galegos temos que escoitar dentro de nós mesmos, xa que nin na escola, nin no Instituto, nin na Universidade se coida de nos falar dela... Terras dos chaos de Amoeiro, monte de San Trocado, serra de Martiñá, Faro de Avión, paisaxe trasalbeira.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Consello de Europa (2000): *Convenio europeo da paisaxe. Florencia 20.X.2000*. Strasbourg: Éditions du Conseil de l'Europe. Dispoñible en <https://rm.coe.int/CoERMPublicCommonSearchServices/DisplayDCTMContent?documentId=09000016802f3fab>
- Díaz-Fierros, Francisco (2019): "A xeografía de Galicia de Antonio Fraguas", en Luís Cochón e Justo Beramendi (eds.), *Antonio Fraguas: laboris causa. Trigo limpo candéal*. Cadernos Ramón Piñeiro XXXIX. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 171-181.
- Eiras Roel, Antonio (2006): "O profesor Antonio Fraguas e as súas achegas á historiografía galega do século XX ", en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre "por e pra Galicia"*. Ofrenda no seu Centenario. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, [118]-145.
- Fraguas, Antonio (1953): *Geografía de Galicia*. Santiago de Compostela: Porto y Cía.
- (1957): "El paisaje del Ribero", *Vida Gallega* 728/32, 4-5.
- (1958a): "El paisaje en el cine. Posibilidades del paisaje gallego", *Vida Gallega* 730/34, 20-21.
- (1958b): "La perla de la ría", *Vida Gallega* 732/36, 16-17.
- (1958c): "El Miño y Orense", *Vida Gallega* 735/39, 16-17.
- (1958d): "De Lugo a Vigo por Lalín", *Vida Gallega* 736/40, 20-23.
- (1958e): "En torno a las rías de El Ferrol, Ares y La Coruña", *Vida Gallega* 737/41, 8-11.
- (1958f): "Camino de Pontevedra", *Vida Gallega* 738/42, 9-11.
- (1958g): "La ronda por la muralla", *Vida Gallega* 739/43, 8-9.

- (1958h): “Paisaxe e historia nas conversas de D. Ramón Otero Pedrayo”, en *Ramón Otero Pedrayo: a súa vida e a súa obra. Homaxe da Galicia Universal*. Caracas: [Centro Galego], 15-17.
- (1959a): “La mutación del paisaje”, *Vida Gallega* 742-743/46-47, 38-39.
- (1959b): “Al comienzo de la Ría”, *Vida Gallega* 744/48, 20-21.
- (1959c): “Paisaje de valle y de ribera”, *Vida Gallega* 745/49, 16-17.
- (1959d): “De Bayona a Tuy por La Guardia”, *Vida Gallega* 746/50, 7-9.
- (1959e): “Hacia el paisaje de las cumbres orensanas”, *Vida Gallega* 747/51, 7-9.
- (1959f): “En torno a la Costa de la Muerte”, *Vida Gallega* 749/53, 15-17.
- (1959g): “Tierras de Portugal”, *Vida Gallega* 752-753/56-57, 42-43.
- (1960a): “El litoral lucense”, *Vida Gallega* 757/61, 4-5.
- (1960b): “De Orense a Viana por Verín y La Gudiña”, *Vida Gallega* 758/62, 9-11.
- (1960c): “En el noroeste galaico”, *Vida Gallega* 760/64, 20-21.
- (1978a): “Geografía de un lugar”, en *Miscelánea de Geografía de Galicia en homenaje a Otero Pedrayo*. Santiago de Compostela: Universidade, 85-102.
- (1978b): “A xeografía no Seminario de Estudos Galegos”, en *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*. Sada: Edición do Castro, 39-46.
- Gutián Rivera, Luis (2006): “A obra xeográfica de Don Antonio Fraguas”, en Carlos García Martínez, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.), *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre “por e pra Galicia”. Ofrenda no seu Centenario*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 146-151.
- Manteiga, Luis (1989): *Lugares y caminos. Paisaje en Galicia*. Sada: Edición do Castro.
- Mata Olmo, Rafael e Concepción Sanz Herráiz (2003): *Atlas de los paisajes de España*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente.
- Schelle, Karl Gottlob (1802): *Die spaziergänge, oder Die Kunst spazieren zu gehen*. Leipzig: Martini Zerbst Kramer. (*L'Art de se promener*. Paris: Payot et Rivages, 1996. Trad. ao francés de Pierre Deshusses).